

A C T A 15/2020
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
– 30 DE DECEMBRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a trinta de decembro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D. Manuel Barreiro Rozados

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA URXENTE DO 14.10.2020 E ORDINARIA DO 28/10/2020
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1046/2020 Á 1183/2020)
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL
- 4.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 04.12.2020 (R.E. NÚM. 6074) DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG
- 5.- DACIÓN DE CONTA INFORME MOROSIDADE 3º TRIMESTRE 2020
- 6.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 14.12.2020 (RES 1145/2020): CONVENIO SANCIÓNS COVID 19
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXECUCIÓN DE SENTENZA: ANULACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DO CADRO DE PERSOAL DO EXERCICIO 2015 EN RELACIÓN COAS PERSOAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO
- 9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE TEO
- 10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE INICIO DE EXPTE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

11.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS

12.- DITAME DA PROPOSTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

13.- MOCIÓN CONXUNTA DE PP DE TEO, SONDETEO, PSDEG-PSOE DE TEO E BNG DE TEO, SOBRE A AMPLIACIÓN DA AG-59

14.- MOCIÓNS

15.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro Do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados, por atoparse indisposto, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA URXENTE DO 14.10.2020 E ORDINARIA DO 28/10/2020.

Acta da sesión extraordinaria urxente do 14 de outubro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada o 14 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 28 de outubro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1046/2020 Á 1183/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de novembro ata o 22 de decembro de 2020, que comprenden os números 1046 ao 1183, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 18 de decembro de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 04.12.2020 (R.E. NÚM. 6074) DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O sr. alcalde da conta da nova composición das Comisións Informativas, en virtude do escrito do BNG de 4 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 6.074), segundo o documento incorporado ao expediente, actualizado o 4 de decembro de 2020, que se reproduce a continuación:

“COMISIÓNS INFORMATIVAS CREADAS NO PLENO ORGANIZATIVO DE 8 DE XULLO DE 2019

- 1.- Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.
- 2.- Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
- 3.- Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.

- 4.- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
- 5.- Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiros/as do PP
- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

ESCRITOS DOS GRUPOS POLÍTICOS:

SON DE TEO - (REX. ENTRADA Nº 4629, de 10/07/2019, e R.E. Nº 4862, de 05.10.2020)

PSdeG-PSOE– (REX. ENTRADA Nº 398 (SEDE), de 09/07/2019)

PP – (REX. ENTRADA Nº 4661, de 12/07/19 E Nº 4900, de 29/07/19)

BNG - (REX. ENTRADA Nº4655, de 12/07/2019 E R.E. Nº 6074 de 04.12.2020)

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS.

Presidente:

Rafael Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: María Vázquez Rey

Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: Iria Otero Romero

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: M.^a Josefa Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Manuel Barreiro Rozados (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E DEPORTES

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: M.^a Dolores Nariño Facal

M.^a Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

Manuel Barreiro Rozados (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MOCIDADE E MEDIO NATURAL

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

M^a Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

M^a Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: Manuel Barreiro Rozados

**4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE,
TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E EMPREGO**

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

M^a Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

María López Álvarez (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: Manuel Barreiro Rozados

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: M.^a Josefa Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Manuel Barreiro Rozados (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- DACIÓN DE CONTA INFORME MOROSIDADE 3º TRIMESTRE 2020.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 10 de novembro de 2020, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2013, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a

morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao terceiro trimestre de 2020, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 14.12.2020 (RES 1145/2020): CONVENIO SANCIÓN COVID 19.

O sr. alcalde explica que as multas do COVID empezan a ser unha cantidade importante, trasladadas pola Garda Civil, fundamentalmente. Dende Secretaría se considera que a tramitación non é de competencia municipal, como sosteñen moitos dos Concellos, porén a Xunta acudiu ao Consello Consultivo a este determinou que si era competencia municipal. Iso determinou un caos para a maioría dos concellos pola incapacidade para tramitar esas multas, e por iso a FEGAMP fixo un Convenio coa Consellería para facer esa tramitación.

Explica que a tramitación desas multas é competencia plenaria e había que dar unha contestación antes do día 15 do mes pasado e por iso se falou cos portavoces por se había algún problema, e todo dixeron que non, polo que se fixo por Decreto da Alcaldía e agora procede a súa ratificación.

Co permiso da Presidencia aclaro que, dende o meu punto de vista, e tal e como se reflicte no informe incorporado ao expediente, é moi discutible que se trate dunha competencia municipal e, ademais, á marxe diso, sería conveniente aprobar un Regulamento regulador.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda ratificar a Resolución da Alcaldía do 14 de decembro de 2020 (res. 1145/2020), que se incorpora como anexo á presente.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.^a María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposta da Alcaldía do 18 de decembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS”

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir taxas, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Vista que a modificación proposta consiste na suspensión temporal da aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e elementos análogos con fin lucrativos, de xeito que, con carácter meramente transitorio, se declare suspendida a aplicación mesma entre o 01/01/2021 e o 31/12/2021, e, polo tanto, non se devindiquen as referidas taxas durante o exercicio 2021.

A estes efectos propónse a introdución dunha Disposición Transitoria na Ordenanza en tal sentido, que deberá tramitarse como modificación da mesma, polo procedemento establecido nos artigos 15 e seguintes do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, modificación que entrará en vigor unha vez publicado no B.O.P. o anuncio da súa aprobación definitiva, estendendo os seus efectos desde o 01/01/2021 até o 31/12/2021.

Entendemos que, se a Lei permite a derogación, “o máis”, tamén ten que permitir “o menos”, é dicir a suspensión temporal da mesma.

A presente modificación non entrara en vigor antes do 1 de xaneiro de 2021, data de devindicación da taxa en virtude do artigo 8 da Ordenanza fiscal, o que suporá a aplicación retroactiva da mesma.

A estes efectos hai que salientar que, pese ao manifestado nos informes de Tesourería, de 16 de decembro de 2020, de Secretaría, de 17 de decembro de 2020, e de Intervención, de 18 de decembro de 2020, que obran no expediente e nos que se pon de manifesto a imposibilidade de aplicar retroactivamente a modificación da ordenanza, debe terse en conta que diversos pronunciamentos xurisprudencias admiten a aplicación retroactiva de disposicións xerais na medida en que concorran esixencias cualificadas do ben común ou do interese xeral. Neste caso enténdese que concorren ditas circunstancias, xa que supón unha modificación favorable aos interesados e se trata da implantación dunha medida que favorece a actividade hostaleira, un dos sectores máis afectados pola crise económica e social provocada pola emerxencia sanitaria debido á pandemia do coronavirus.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e elementos análogos con fin lucrativos, mediante a introdución dunha Disposición Transitoria Primeira, do seguinte teor:

“DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

- 1.- Con carácter excepcional, debido á crise económica e social causada pola pandemia do COVID19, suspéndese a aplicación e vixencia desta Ordenanza Fiscal desde o día 01/01/2021 até o día 31/12/2021.
- 2.- Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo primeiro desta disposición, a Ordenanza volverá a se aplicar, a partires do 01/01/2022.”

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva

modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación”.

A sra. López di que sinte que chegaran tarde con este tema, porén en vez de agardar máis e mellor é abordalo agora.

Obran no expediente informes desfavorable da Tesourería, do 16 de decembro, de Secretaría, do 17 de decembro e de Intervención, do 18 de decembro de 2020.

Aberta a quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, di que o seu grupo está a favor de todo o que sexa axudar a este sector tan prexudicado con esta pandemia.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo opina que se trata dunha iniciativa moi boa, engadindo que de feito o seu grupo a propuxo, entre outras medidas, porque pensan que esta ben para axudar os negocios locais. Calquera medida neste senso a van a apoiar, xa que fan faltan máis medidas. Considera que o problema é o de sempre, a falta de previsión, porque esta situación non é novidosa, e os informes son negativos.

Sinala que isto non é correcto e para eles os informes son sempre moi importantes, engadindo que neste momento, dada a situación e a problemática, van a obviar os informes negativos e van a apoiar a proposta en pro dos negocios locais.

Quere a sra. Calvo deixar constancia de que iso non se pode volver a repetir, porque non é de todo correcto, aínda que a iniciativa é moi boa .

Remata a sra. Calvo anunciando o voto a favor do seu grupo, facendo fincapé en que os informe técnicos teñen que ser favorables.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Vázquez, quen sinala que sinte non poder dicir que non vai a volver a pasar, porque a idea era outra exención de taxas para a venda ambulante quizais no próximo Pleno, engadindo que en todo caso entende perfectamente e comparte a opinión da sra. Calvo de que os informes non poden ser desfavorables.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e elementos análogos con fin lucrativos, mediante a introdución dunha Disposición Transitoria Primeira, do seguinte teor:

“DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

1.- Con carácter excepcional, debido á crise económica e social causada pola pandemia do COVID19, suspéndese a aplicación e vixencia desta Ordenanza Fiscal desde o día 01/01/2021 até o día 31/12/2021.

2.- Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo primeiro desta disposición, a Ordenanza volverá a se aplicar, a partires do 01/01/2022.”

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXECUCIÓN DE SENTENZA: ANULACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DO CADRO DE PERSOAL DO EXERCICIO 2015 EN RELACIÓN COAS PERSOAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO.

O sr. alcalde explica que xa na Comisión informativa se explicou a cuestión e se expuxo que no ano 2015, no proceso de asunción da xestión directa dos servizos, manifestada a intención de subrogar os traballadores de Viaqua, os informes xurídicos establecían que dita subrogación non era posible. Os traballadores fixeron un recurso previo á vía xudicial e o Pleno acordou subrogalos cautelarmente mentres o Xulgado determinaba se era ou non posible. Ese foi o proceso que se seguiu en todas as outras asunción de servizos, tanto en parques e xardíns, como no mantemento eléctrico e na limpeza, e en todos os casos os traballadores acudiron á vía laboral e o Xulgado determinou que debían seguir, e se acabou o problema e quedaron como persoal laboral do Concello indefinidos non fixos. Porén no caso dos traballadores de Viaqua, co asesoramento legal que consideraron oportuno, en vez de ir á vía laboral foron á vía contenciosa con dous procedementos distintos. Iso provocou que levara moitísimos máis anos e que non se resolvera o problema en si, aínda que se pode interpretar que na anulación do cadro de persoal incorporado no orzamento do ano 2014, que se prorrogou ao ano 2015, no que se contemplaba a creación e saída a concurso público

desas prazas para cubrir todos os postos, esa era a reclamación que eles facían de considerar que esas prazas lle correspondían a eles e non tiñan que saír a concurso público.

Considera o sr. alcalde que non ten sentido que cinco anos despois se siga mantendo como unha subrogación cautelar, de aí que, cos informes pertinentes e vistas todas as sentenzas posteriores que houbo nos outros casos, se formule a proposta da Alcaldía que hoxe se somete a consideración do Pleno.

O sr. alcalde da conta da proposta do 18 decembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Execución da sentenza . Anulación da modificación do anexo do cadro de persoal do exercicio 2015 en relación coas persoas traballadoras do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento.

A asunción da xestión directa dos servizos municipais de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais deu lugar a dous procesos contencioso-administrativos promovidos polos traballadores da antiga empresa concesionaria subrogados cautelarmente pola Corporación por medio de acordo plenario de 24/09/2015.

Contra ese acordo plenario, os agora traballadores subrogados cautelarmente iniciaron dous procedementos xudiciais. No principal, o procedemento ordinario nº 118/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, impugnaban a decisión do Concello de asumir a xestión directa daqueles servizos. Este proceso concluíu recentemente por medio de sentenza ditada o 18.5.2020 que desestima o recurso e confirma as resolucións plenarias por se axustaren a dereito.

No outro proceso, o procedemento ordinario nº 650/2015 do Xulgado Contencioso-administrativo nº 2, impugnaban especificamente os acordos plenarios do 06/07/2015 sobre ampliación do cadro de persoal anexo ao orzamento da Corporación de 2015, coa previsión das prazas necesarias para a asunción directa dos devanditos servizos, e a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa municipal pola prestación dos servizos do ciclo da auga.

Neste proceso recaeu sentenza firme con data 10/01/2019, que estimou parcialmente o recurso e anulou a modificación do anexo de persoal no tocante ás prazas novas de contratación laboral temporal por entender que vulneraba a normativa sobre limitacións de gastos en materia de persoal derivadas da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2015.

Resoltas definitivamente en vía xudicial as cuestións suscitadas polos recorrentes e confirmada a legalidade da decisión nuclear de asumir a xestión directa dos servizos de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais, a presente proposta ten por finalidade clarexar a situación xurídica dos traballadores novos contratados e máis dos da antiga empresa, estes últimos cautelarmente subrogados pola Corporación mentres non se resolvían as reclamacións daquela presentadas.

Tomando en consideración o arriba exposto e o informe xurídico incorporado ao expediente, proponse ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO

- 1. Anular, en cumprimento da sentenza do procedemento ordinario 650/2015 do Xulgado Contencioso-administrativo nº2, do 10/01/2009 (Rex. Entrada 1252/2019 do 28/02/2019), a modificación do anexo de persoal dos orzamentos de 2014, prorrogados no exercicio de 2015, relacionada coa creación de novas prazas de distintas categorías adscritas ao servizo de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais, que se deberían cubrir en réxime de contrato laboral temporal por interinidade; todo iso sen prexuízo de manter a vixencia dos contratos laborais convidados cos tres novos traballadores.*
- 2. Recoñecer a D. José Rivas Guerrero, a D. Jesús Vázquez Carbia, a Dna. María Luísa González Agra, a D. Enrique Ferro Pisos, a D. José Ignacio Sueiras Fieiro, a D. Fernando Estévez Ares, a D. Ángel López Vázquez e a D. Agustín Rodríguez Barreiro, o dereito de subrogación por “sucesión de empresa”, co mantemento dos seus dereitos laborais e coa condición de indefinidos non fixos, integrándose no cadro de persoal do concello circunscritos ao seu ámbito sectorial.*
- 3. Trasladar aos orzamentos do próximo exercicio as consecuencias derivadas destes acordos”*

Obra no expediente informe do servizo de asistencia xurídica, do 27 de outubro de 2020.

Salienta o sr. alcalde que con esta proposta se acabará coa situación de subrogación cautelar e os traballadores quedarán na mesma situación que todos os outros traballadores subrogados, que teñen esa característica cualificada de que se lles aplica o convenio de orixe, non o do Concello, aínda que se poida negociar con eles melloras en calquera dos aspectos.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, pregunta se iso sería so cambiar o que aparece nos orzamentos porén non tería implicacións económicas.

O sr. alcalde sinala que si.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que, como fixeron en anteriores ocasións, van a apoiar aos traballadores.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

1.- Anular, en cumprimento da sentenza do procedemento ordinario 650/2015 do Xulgado Contencioso-administrativo nº2, do 10/01/2009 (Rex. Entrada 1252/2019 do 28/02/2019), a modificación do anexo de persoal dos orzamentos de 2014, prorrogados no exercicio de 2015, relacionada coa creación de novas prazas de distintas categorías adscritas ao servizo de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais, que se deberían cubrir en réxime de contrato laboral temporal por interinidade; todo iso sen prexuízo de manter a vixencia dos contratos laborais convidados cos tres novos traballadores.

2.- Recoñecer a D. José Rivas Guerrero, a D. Jesús Vázquez Carbia, a Dna. María Luísa González Agra, a D. Enrique Ferro Pisos, a D. José Ignacio Sueiras Fieiro, a D. Fernando Estévez Ares, a D. Ángel López Vázquez e a D. Agustín Rodríguez Barreiro, o dereito de subrogación por “sucesión de empresa”, co mantemento dos seus dereitos laborais e coa condición de indefinidos non fixos, integrándose no cadro de persoal do concello circunscritos ao seu ámbito sectorial.

2.- Trasladar aos orzamentos do próximo exercicio as consecuencias derivadas destes acordos.

9.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar , persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía do 18 de decembro do 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a introdución de modificacións en diferentes artigos da Ordenanza fiscal, concretamente no artigo 2.1 introducindo un novo servizo denominado Teo Coida, o artigo 5.1 fixando os prezos de dito servizo, o

artigo 6º que regula as exencións e bonificacións da Ordenanza e o artigo 9 que regula o nacemento e extinción da obriga de pago.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1. O prezo público que regula a presente Ordenanza esíxese pola utilización do servizo de conciliación da vida familiar e laboral do concello de Teo. As condicións nas que se prestan estes servizos recóllense no correspondente regulamento, e son:

1.- Conciliación durante os períodos lectivos.

• Teo madruga

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver dende ás 07.30 horas ate o comezo das aulas, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería

- Servizo de almorzo para o alumnado interesado.

- Teo coida

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver a partir do remate das aulas, durante a tarde, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería
- Servizo de merenda para o alumnado interesado”.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

1. **“Conciliación durante os períodos lectivos:**

- Teo madruga

-O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- A utilización do servizo de gardería sen almorzo terá un prezo mensual de 40 €.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería e almorzo será de 4 € e de 3.5 sen servizo de almorzo. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

- Teo coida

- A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .

- O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exencións :

- A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do servizo, determinara a bonificación do 100% da cota.

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25% sobre a cota despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda e por outras circunstancias familiares.
- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 50% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias numerosas segundo a definición da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación

deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.

- Os usuarios e usuarias que pertenzan a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4, terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarse, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.
- Cando os usuarios ou usuarias pertenzan a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM988 anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF”.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“Na matrícula do Teo madruga e Teo coida poderá indicarse unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso. Neste caso non poderá ser posterior ao 1 de outubro, e abonarase o servizo dende ese día, aínda que a matrícula fora feita no período ordinario.

A baixa provoca a extinción da obriga de pago sempre que se faga con unha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 10, darán lugar a devolución da metade da mensualidade. As comunicadas con posterioridade ao día 10, non dan lugar a dereito á devolución da mensualidade abonada previamente.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar”.

QUINTO. Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia , no taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal , durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

SEXTO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a M^a. Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño anuncia o apoio do seu grupo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1. O prezo público que regula a presente Ordenanza esíxese pola utilización do servizos de conciliación da vida familiar e laboral do concello de Teo. As condicións nas que se prestan estes servizos recóllense no correspondente regulamento, e son:

1.- Conciliación durante os períodos lectivos.

• Teo madruga

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver dende

ás 07.30 horas ate o comezo das aulas, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería**
- Servizo de almorzo para o alumnado interesado.**

• Teo coida

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver a partir do remate das aulas, durante a tarde, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería**

- **Servizo de merenda para o alumnado interesado”.**

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

2. “Conciliación durante os periodos lectivos:

- Teo madruga

-O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- A utilización do servizo de gardería sen almorzo terá un prezo mensual de 40 €.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería e almorzo será de 4 € e de 3.5 sen servizo de almorzo. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

- Teo coida

- A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .

- O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exencións :

- **A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do servizo, determinara a bonificación do 100% da cota.**

2.- Bonificacións:

- **Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25% sobre a cota despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda e por outras circunstancias familiares.**
- **Cando os usuarios ou usuarias pertenzan a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 50% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.**
- **Os usuarios e usuarias que pertenzan a familias numerosas segundo a definición da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.**
- **Os usuarios e usuarias que pertenzan a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4, terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos**

correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarase, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM988 anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF”.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9 da Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“Na matrícula do Teo madruga e Teo coida poderá indicarse unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso. Neste caso non poderá ser posterior ao 1 de outubro, e abonarase o servizo dende ese día, aínda que a matrícula fora feita no período ordinario.

A baixa provoca a extinción da obriga de pago sempre que se faga con unha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa

xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 10, darán lugar a devolución da metade da mensualidade. As

comunicadas con posterioridade ao día 10, non dan lugar a dereito á devolución da mensualidade abonada previamente.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar”.

QUINTO. Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia , no taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal , durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

SEXTO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En virtude do artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Teo impón o prezo público por servizos de conciliación da vida familiar e laboral. O citado prezo é un recurso público de titularidade municipal e se regulará pola presente Ordenanza Reguladora, polo citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación, e demais normas concordantes.

Artigo 2º.-Servizos que grava o prezo público

O prezo público que regula a presente Ordenanza esíxese pola utilización do servizos de conciliación da vida familiar e laboral do concello de Teo. As condicións nas que se prestan estes servizos recóllense no correspondente regulamento, e son:

1.- Conciliación durante os períodos lectivos.

- Teo madruga

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver dende ás 07.30 horas ate o comezo das aulas, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería
- Servizo de almorzo para o alumnado interesado.

- Teo coida

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver a partir do remate das aulas, durante a tarde, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería
- Servizo de merenda para o alumnado interesado.

2. Conciliación durante os períodos non lectivos. Diverteo

Os servizos de conciliación teñen un importante cometido durante os períodos non lectivos, xa que deben dar resposta a necesidade de atención que nenos e nenas teñen satisfeita durante o seu período escolar.

Horario entre ás 07.30 horas e as 15.30.

Servizos:

- Atención lúdica
- Servizo de alimentación:
 - o Almorzo
 - o Xantar

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolvera nos seguintes períodos:

- Dende o 1 de setembro ate o inicio das curso escolar
- Durante as vacacións do nadal
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño.
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Artigo 3º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas que fagan uso dos servizos sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4º. – Criterios e variables para a determinación do importe do prezo público

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.- A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os que convivan na vivenda familiar e non teñan ingresos.

3. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Calcularase como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

Artigo 5º.-Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada servizo e segundo os niveis de renda, son os que se expoñen de seguido:

1) Conciliación durante os períodos lectivos:

- Teo madrugada

-O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- A utilización do servizo de gardería sen almorzo terá un prezo mensual de 40 €.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería e almorzo será de 4 € e de 3.5 € sen servizo de almorzo. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

- Teo coida

- A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .

- O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.

- No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos

- Usuarios ocasionais, o prezo pola prestacións dos servizos de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicaran as exencións e bonificación excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

2. Diverteo

· O prezo do servizo de Diverteo, que incluíra atención educativa e de tempo libre, almorzo e xantar, será de 9 € diarios. O computo total será a multiplicación desta cifra polo número de días lectivos de cada unha das convocatorias.

· A utilización do servizo completo sen almorzo serán 8.5 € diarios

· A utilización do servizo completo sen xantar 5.5 € ao día.

· A utilización do servizo, sen comedor será de 5 € por día.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exencións :

- A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do servizo, determinara a bonificación do 100% da cota.

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25% sobre a cota despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda e por outras circunstancias familiares.
- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 50% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias numerosas segundo a definición da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4, terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarse, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio

xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.

- Cando os usuarios ou usuarias pertenzan a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF”.

Artigo 7º. Cálculo anual.-

A determinación da renda e demais factores que inflúan na cota, determinarase para a todas as actividades de conciliación unha soa vez e terán validez para todas as demais actividades. A primeira actividade do ano escolar será o Diverteo do mes de setembro. Ós usuarios e usuarias que participen nunha actividade determinarase a renda e a bonificación para o resto ate o diverteo de agosto, incluído. De igual xeito a documentación necesaria para facer este procedemento será entregada so na primeira das actividades de conciliación nas que participe, e constituíran un expediente único para cada neno ou nena para ese curso.

Artigo 8º.-Revisión dos prezos.

A) VARIACIÓN INTERANUAL DO IPC

Os prezos públicos establecidos no artigo 5 actualizaranse cada curso escolar en función da variación interanual experimentada polo IPC para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se modificará o cadro de prezos desta ordenanza.

B) ALTERACIÓN DAS VARIABLES DE CÁLCULO DO IMPORTE

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, que determine unha variación no cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

Artigo 9º.-Réxime de pagamento e xestión

Na matrícula do Teo madrua e Teo coida poderá indicarse unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso. Neste caso non poderá ser posterior ao 1 de outubro, e abonarase o servizo dende ese día, aínda que a matrícula fora feita no período ordinario.

A baixa provoca a extinción da obriga de pago sempre que se faga con unha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 10, darán lugar a devolución da metade da mensualidade. As comunicadas con posterioridade ao día 10, non dan lugar a dereito á devolución da mensualidade abonada previamente.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar

Disposicións

Disposición Derogatoria

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servizos de conciliación da vida persoal e familiar vixente ata hoxe no concello de Teo.

Disposición Transitoria

Os prezos públicos recollidos nesta ordenanza comezaran a aplicarse a partir da edición do Diverteo do mes de xuño.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza Reguladora entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente”.

10.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE INICIO DE EXPTE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 decembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPTE: REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

TRÁMITE DE AUDIENCIA

Vista a solicitude por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade de execución do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO a consecuencia da declaración do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo (rex. entrada 275 do 23 de marzo de 2020).

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía 322/2020 do 8 de abril apreciando a imposibilidade de execución temporal do contrato, ratificada no pleno ordinario do 3 de xuño de 2020.

Considerando que AQUAFIT GESTIÓN S.L. presenta unha primeira solicitude de restablecemento de equilibrio económico do contrato, período do 14 de marzo ao 21 de xuño (rex entrada 964 do 09 de xullo de 2020), por importe de 80.136,76 €, e que posteriormente presenta unha segunda solicitude de restablecemento de equilibrio económico do contrato, aportando informe correspondente ao período do 1 de xuño ao 21 de xuño (rex entrada 1603 e 1604 do 02 de outubro de 2020), por importe de 25.828,59, reclamando polos dous períodos un total de 106.275,74 €.

Visto o informe da secretaria adxunta de data 27 de novembro de 2020.

Considerando que, como se deduce do informe de Intervención, o restablecemento do equilibrio económico do contrato implica que, ademais de compensar as perdas económicas reais do período e o incremento de custos soportados pola COVID-19, débese fixar un “beneficio empresarial base” imprescindible para o desenvolvemento da actividade empresarial (similar ao que as administracións establecen en concepto de “beneficio industrial” aplicando o 6% sobre os orzamentos de execución material), que neste caso se aplica sobre a media das vendas anuais declaradas pola empresa nos tres últimos anos.

Visto o informe de intervención municipal de data 11 de decembro que conclúe:

- “1.-Que si existe dereito a reclamar o reequilibrio económico da concesión.
2.-Que se deben de excluír dos sobrecostos as facturas mencionadas anteriormente, presentando unha nova conta polos períodos concretos reclamados e incluíndo únicamente os subrecostos procedentes que estén directamente relacionados coa xestión da piscina.
3.-Recoñecer o reequilibrio económico nos termos que se prantexan na seguinte táboa:*

<u>VALORACION MUNICIPAL REEQUILIBRIO</u>		
1º PERIODO		
PERDIDAS REAIS		20.835,95
PERDIDA BENEFICIO EMPRES		8.837,80
COMPRA MATERIAL COVID		4.072,47
	TOTAL	33.746,22

2º PERIODO		
PERDIDAS REAIS		12.057,96
PERIODO		

PERDIDA EMP	BENEFICIO		2.445,24
COMPRA COVID	MATERIAL		2,095,33
		TOTAL	16.598,53

TOTAL MUNICIPAL	LIQUIDAC		50.344,75
----------------------------	-----------------	--	------------------

Considerando a aplicación do artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto lei17/2020 de 5 de maio, que regula o seguinte “4. *En los contratos públicos de concesión de obras y de concesión de servicios vigentes a la entrada en vigor de este real decreto-ley, celebrados por las entidades pertenecientes al Sector Público en el sentido definido en el artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo darán derecho al concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato mediante, según proceda en cada caso, la ampliación de su duración inicial hasta un máximo de un 15 por 100 o mediante la modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato.*

Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.

La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución

del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo y únicamente respecto de la parte del contrato afectada por dicha imposibilidad.” A Disposición Final 10 do Real Decreto Lei 8/2020 recolle “Con carácter general, las medidas previstas en el presente real decreto-ley mantendrán su vigencia hasta un mes después del fin de la vigencia de la declaración del estado de alarma.”

En virtude do exposto, e considerando a competencia plenaria como órgano de contratación de conformidade co artigo 210 e coa disposición adicional segunda do TRLCSP, propoño que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para o restablecemento do reequilibrio económico do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO, a consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

SEGUNDO.- Poñer de manifesto o expediente a AQUAFIT GESTIÓN S.L., concesionaria do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO y concederlle un prazo de audiencia de 10 días a contar dende o día seguinte á recepción da notificación deste acordo, para que poida presentar alegacións ou documentos que estime oportunos ao expediente que se está tramitando. O expediente estará á súa disposición na Secretaría do Concello”.

O sr. alcalde explica que está claro que á vista do Real Decreto que o goberno central sacou durante o estado de alarma hai unha serie de cuestións que inevitablemente a Administración ten que asumir coas empresas concesionarias, como son os costes derivados de cuestións que tiveran que facer polo COVID, tamén as perdas declaradas nese período polas circunstancias dadas, porén despois se plantexaba un problema diante da reclamación presentada por Aquafit Gestión, sobre como se entende o reequilibrio económico. Se iso se entende como que a Administración tiña que pagarlle todo o que potencialmente poderían gañar se isto non tivera ocorrido, ou se, como conclúe o informe de Intervención, se considera que è necesario facer uns beneficios empresariais mínimos que permitan a subsistencia da empresa e que, por analoxía co que se fai nos contratos de obra, se fixa no 6% do beneficio empresarial.

Sinala o sr. alcalde que a reclamación pasaba lixeiramente dos 100.000 €, e despois do informe de Intervención queda en 50.344 €. Considera que se trata dun valor razoable, que permite un normal funcionamento da empresa, porén eles dirán o que estimen oportuno e se decidirá en función diso.

Aberta a quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que non ten nada que dicir.

Intervén o portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, que anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para o restablecemento do reequilibrio económico do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO, a consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

SEGUNDO.- Poñer de manifesto o expediente a AQUAFIT GESTIÓN S.L., concesionaria do contrato de XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO y concederlle un prazo de audiencia de 10 días a contar dende o día seguinte á recepción da notificación deste acordo, para que poida presentar alegacións ou documentos que estime oportunos ao expediente que se está tramitando. O expediente estará á súa disposición na Secretaría do Concello.

Sendo as vinte horas e dezaoto minutos, abandona o Salón de Plenos a Interventora municipal D.^a Monica Isabel Lado Varela.

11.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 decembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPTE: DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

Vista a solicitude de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración polo órgano de contratación da imposibilidade parcial de execución do contrato dende a reapertura das instalacións o 22 de xuño de 2020 como consecuencia da situación de feito creada pola COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración local para combatilo, (rex entrada 977 do 10 de xullo de 2020), ao abeiro do artigo 34.4 do RDL 8/2020 de 17 de marzo. Dita solicitude foi reiterada en escrito con rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020.

Visto o informe da secretaria adxunta de data 27 de novembro de 2020 sobre procedemento a seguir no expediente de reequilibrio económico, e no que se indica que non é de aplicación o art. 34.4 do RDL 8/2020, en relación á solicitude de declaración de imposibilidade parcial de executar o contrato dende o 22 de xuño, senón que sería aplicable a lexislación de contratos, xa que debe terse en conta que o artigo 34.4 do RDL 8/2020 ten un carácter temporal, circunscrito á declaración do estado de alarma e así o dispón a Disposición Final 10 do RDL 8/2020 *“Con carácter general, las medidas previstas en el presente real decreto-ley mantendrán su vigencia hasta un mes después del fin de la vigencia de la declaración del estado de alarma.”*

Considerando que non é de aplicación o art. 34.4 do RDL 8/2020, en relación á solicitude de declaración de imposibilidade parcial de executar o contrato dende o 22 de xuño, senón que sería aplicable a lexislación de contratos.

En virtude do exposto, e considerando a competencia plenaria como órgano de contratación para a desestimación da solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de conformidade co artigo 210 e coa disposición adicional segunda do TRLCSP, propoño que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato dende o 22 de xuño de 2020 (rex entrada 977 do 10 de xullo de 2020, reiterado por rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020), por non ser de aplicación o artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, segundo o exposto no expositivo.

SEGUNDO.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos oportunos”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez anuncia a abstención do seu grupo.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato dende o 22 de xuño de 2020 (rex entrada 977 do 10 de xullo de 2020, reiterado por rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020), por non ser de aplicación o artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico do COVID-19, segundo o exposto no expositivo.

SEGUNDO.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos oportunos.

12.- DITAME DA PROPOSTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía do 17 de decembro do 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de decembro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPTE: DESESTIMACION DA SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

Visto que con data 2 de abril de 2013 asinouse o contrato de xestión de servizos de PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO ca empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., asinando a acta do inicio da actividade en data 19 de abril de 2013.

Tendo en conta que segundo a cláusula 4ª do contrato asinado a duración inicial do contrato será de oito anos, a partir do día da sinatura da acta de comezo de prestación do servizo, podendo prorrogarse por un período de catro anos, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de 12 anos, tal e como establece a cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas, que engade que “o contrato poderá prorrogarse, sempre que as condicións permanezan inalterables”. A prórroga deberá solicitarse polo concesionario cunha antelación mínima de seis meses antes do remate do contrato, e acordarse polo órgano de contratación de modo expreso, sen que en ningún caso se produzan por consentimento tácito das partes.

Vista a solicitude de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de prórroga do contrato de xestión de servizos de PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO por un período de catro anos (rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020).

Tendo en conta que a prórroga deberase acordar expresamente polo órgano de contratación.

En virtude do exposto, e considerando a competencia do pleno, como órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 e coa disposición adicional segunda do TRLCSP, propono que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de prórroga do contrato de xestión de servizos de PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO por un período de catro anos (rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020) presentada por AQUAFIT GESTIÓN S.L., entendendo que o contrato referido entenderase extinguido polo cumprimento do prazo establecido en data 19 de abril de 2021.

SEGUNDO.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos oportunos”.

Sinala o sr. Iglesias que tal e como está a situación é moi complicado conceder unha prórroga, porque como se viu nos puntos anteriores, no caso de ampliar o contrato existiría unha obriga de seguir equilibrando a xestión dese contrato e polo tanto prorrogar implicaría condenar ao Concello a seguir equilibrando durante meses ou anos a xestión da piscina. Sinala que polo tanto a decisión máis lóxica e que salvagarda mellor os intereses do Concello é desestimar a solicitude de Aquafit xestión para prorrogar o contrato.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia a abstención do seu grupo.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de prórroga do contrato de xestión de servizos de **PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO** por un período de catro anos (rex entrada 977 do 14 de setembro de 2020) presentada por **AQUAFIT GESTIÓN S.L.**, entendendo que o contrato referido entenderase extinguido polo cumprimento do prazo establecido en data 19 de abril de 2021.

SEGUNDO.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos oportunos.

13.- MOCIÓN CONXUNTA DE PP DE TEO, SONDETEO, PSDEG-PSOE DE TEO E BNG DE TEO, SOBRE A AMPLIACIÓN DA AG-59.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción da conxunta dos catro grupos municipais, do 15 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 6188), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de decembro de 2020.

“MOCIÓN CONXUNTA DE PP DE TEO, SONDETEO, PSDEG-PSOE DE TEO E BNG DE TEO, SOBRE A AMPLIACIÓN DA AG-59

No Diario Oficial de Galicia número 233 do 18 de novembro de 2020, apareceu publicado a Anuncio do 10 de novembro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o estudo de impacto ambiental e a separata do proxecto de construción denominado Actualización do proxecto de construción: autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, de clave GA/18/104.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Dito proxecto de construción supón un importante cambio con respecto ao trazado delimitado hai dous anos, especialmente nos enlaces da ampliación da AG-59 coa estrada autonómica AC-841, na Ramallosa e en Teo.

O trazado agora cambiado que incluía entradas e saídas cara Santiago e A Estrada nos enlaces da Ramallosa e Teo, xa contaba cos terreos necesarios para a execución do mesmo, conforme ao disposto no Decreto 130/2017, do 7 de decembro, polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de autovía AG-59, treito A Ramallosa-enlace AC- 241, de clave GA/08/022.01.1, nos concellos da Estrada e Teo.

No proxecto agora en trámite de información pública, Actualización do proxecto de construción: autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, de clave GA/18/104.01, ditos enlaces cara á Estrada desaparecen.

Desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade indicouse que este novo trazado, que implica a eliminación das conexións cara A Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo, *“ten por finalidade adaptalos á normativa vixente, evitar a afección a un castro, que foi cuestionada pola autoridade competente en Patrimonio Cultural e, ademais, racionalizar o impacto territorial e o investimento”*.

Desde o Concello de Teo defendemos que esta *racionalización do investimento*, non pode ser en detrimento dos intereses socioeconómicos das parroquias do Sur de Teo, en especial, do núcleo de Pontevea, na parroquia de Reis, con tradicionais vínculos coa poboación da Estrada, vínculos que quedarían moi afectados, por non dicir truncados, con este novo trazado.

Desde o Concello de Teo consideramos que un investimento autonómico de 48 millóns de euros non pode nacer coa eiva de deixar o novo treito teense polo que discorre sen conexión coa nova infraestrutura, discriminando de forma inxustificada ao Sur do noso Concello.

Lembremos que no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, incluíase a AG-59 como vía de alta prestación: unha vía de maior entidade que comunica a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, co

obxectivo fundamental de que o 80% da poboación se situase a menos de 10 minutos dunha destas Vías.

Co novo trazado e supresión de enlaces, dito obxectivo fundamental dun viario de alta prestación, viríase modificado esencialmente, e reiteramos que de forma inxustificada, ao limitar o acceso da poboación do Sur de Teo ao tramo sur deste novo viario.

Dadas as consecuencias gravísimas deste novo trazado para o Concello de Teo, o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o seu rexeitamento ante o Proxecto de construción denominado Actualización do proxecto de construción: autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, de clave GA/18/104.01, por incluír cambios nas conexións dos enlaces da Ramallosa e Teo, en especial neste último, que afectan gravemente aos intereses socioeconómicos teenses.

SEGUNDO.- Reivindicar a recuperación do trazado orixinario da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, que incluía as conexións cara A Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, así como ao Director da Axencia Galega de Infraestruturas”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que lle gustaría saber porque non houbo unha reunión por parte do Concello coa Xunta de Galicia, ou se se solicitou, e porque tampouco existiu unha reunión cos veciños da zona.

A concelleira de urbanismo, sra. Lemus, sinala que o outro día escoitaba que porque non se fixeran alegacións aos anteriores proxectos. Explica que o anterior proxecto é o

do ano 2012, e non existiu ningún outro proxecto en exposición pública, ata este cambio que é a actualización. Explica que o que aconteceu no ano 2018 foi unha expropiación, e non se soen presentar alegacións ás expropiacións, porque son temas particulares e as presentan os interesados, en base ao proxecto do 2012, que é un proxecto quen ven do ano 2009, que se acaba aprobando definitivamente no ano 2012.

Salienta a sra. Lemus que, aínda que non estaba no goberno, entende que non existía ningún problema con ese proxecto como para presentar alegacións, porque incluía todos os enlaces e porque era unha segunda fase dunha autovía que non tiña moito sentido que quedara na Ramallosa. Independentemente doutras consideracións máis de detalle, incluía todos os servizos para todos os veciños de Teo e non había máis problema e así cando chegaron as alegacións se tramitaron e non houbo problema.

Explica a sra. Lemus que cando se fixo esa expropiación, foi cando lles comentaron que so pensaban chegar ata Pontevea e aí foi cando amosaron a súa sorpresa e pediron ademais que non se debía chegar tan so a Pontevea porque se ía a causar un problema de seguridade viaria no núcleo, nese cruce tan malo, que xa non é moi bo agora, eles pensaban facer unha rotonda. Sinala que se lle dixo á Xunta que era imposible facer unha rotonda e desa reunión sacaron o compromiso de Carlos Lefler, xefe do servizo, de que intentarían facer as dúas fases seguidas.

Sinala a sra. Lemus que polo que entende das novas agora, a idea segue sendo facelo en dous fases, aínda que dado interese do alcalde de A estrada se fará todo seguido.

En relación á pregunta se porque non se fixo unha reunión, sinala a sra. Lemus que o primeiro que tiñan que facer era atender aos veciños, explicarlle porque zoas expropiadas ían a quedar sen ningún tipo de contido, porque hai moita xente afectada sobre todos nos núcleos, e o que interesaba era dar ese servizo, e porque estaban preocupados por facer unhas boas alegacións. Considera que pode facerse unha reunión coa Xunta, como fixo o PP, pero non vale de nada se non se presentan alegacións.

Sinala a sra. Lemus que o mesmo aconteceu en Minas, onde houbo unha reunión, da que non sacaron nada en claro, e se non se fan alegacións, o Concello se queda sen pista municipal, e iso é o mesmo, se poden facer moitas reunións porén o único que interesa é facer as alegacións, que xa están presentadas dende o luns.

Considera a sra. Lemus que despois de tantos anos de reunións asume que poden ser menos fotoxénicos, porque neste caso o que tiñan que presentar era alegacións e promover as alegacións de todos os veciños. Sinala que sabe que hoxe a asociación de comerciantes presentou unha alegación rexeitando este proxecto e pedindo a volta do proxecto anterior, e agarda que tamén lle fagan caso. Sinala que os veciños de Vilar de Teo, do número 17, esas catro casas que van a quedar aí e ás que lle van a meter unha rotonda no medio, tamén van a presentar alegacións.

En relación coa reunión cos veciños, sinala a sra. Lemus que é o mesmo que fixeron cos camiños escolares, non se poden promover reunións cos veciños, mais que con certos representantes, porque se está nunha situación de pandemia. Explica que máis alá do que é a obriga do Concello, o arquitecto municipal estivo sete días enteiros adicado a iso para explicarllo aos veciños, incluídos os de A Estrada, porque os mandaban dende o propio Concello. Viñeron os veciños, se lles explicou e se lles axudou a facer ás alegación a aqueles que consideraban tiñan que facelas.

Sinala a sra. Lemus que tamén se fixo un esforzo dende a portada do Informateo, para explicar o que había, engadindo que en época de pandemia pouco máis se podía facer. Explica que tamén se recibiu aos comerciantes aínda que non se fixo nota de prensa, e se lle explicou o tema. Salia que se intentou facer da forma máis consensuada, ao igual que co resto das forzas políticas, que se buscou facer unha moción que é facilmente defendible por todos.

Sinala que se pode criticar que non se fixera unha reunión coa Xunta, porén consideraron que o importante era facer unhas boas alegacións, e así se fixo.

A sra. Lemus considera que se trata dun proxecto moi traballado, que é un bo proxecto e que ten unha avaliación ambiental impresionante, e hai que explicar moi ben cal sería o beneficio para que pasasen a gastar máis do que tiñan previsto. Explica que o proxecto orixinario era de 75 millóns de euros e se pasa a 48 millóns de euros, polo tanto o aforro, o que eles chaman actualización socioeconómica, hai que explicalo moi ben porque se lle está dicindo a unha Administración que ten que gastar máis cartos.

Entende a sra. Lemus que das alegación que están presentado os veciños e que presentou o Concello, así como da moción, a Xunta valorará a necesidade de volver, como mínimo, ao proxecto orixinario na zoa de Teo, engadindo que non agarda tanto na zona da Ramallosa, pero si que como mínimo na zoa de Teo terán que reformular o proxecto, porén iso tamén implica que o alcalde de A estrada non vai a estar nada contento, porque non lle vai a dar tempo, na súa planificación, de que se faga esta tramitación, a finais de ano, non lle daría tempo cunha nova exposición pública e cun novo proxecto, porén ese é outro tema porque cada concello ten que defender os seus intereses.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a concelleira do PP, sra. Vázquez, di que sinte que molesten as notas de prensa. Sinala que non so fixeron o que puido saír en prensa, senón máis cousas, engadindo que faloron con moita xente e que non se refería puntualmente nin centrado todo no da Xunta, xa que esa sería unha reunión máis. Explica que tamén eles sabían que non se podían facer reunións multitudinarias, e sabían que non se podían xuntar con toda esa xente, porén si que lle pediron aos veciños poder falar con eles. Sinala que os veciños votaron en falta iso, e eses veciños, onde vai esa rotonda, quizais votaron en falta ese interese do Concello, como apoio, máis alá do da Xunta, aínda que si é certo que no Concello foron atendidos. Sinala que a pesar de todo o que se faga no Concello, que espera que sirva para algo, como representantes dos veciños tamén é unha forma de presión e é algo que hai que facer, xa que hai que reunirse con todas as Administracións. Entende a sra. Vázquez que tamén era necesario ter esa consulta, engadindo que eles si tiveron unha reunión na Xunta, e tamén faloron cos comerciantes e cos veciños das casas afectadas.

Sinala a sra. Vázquez que se foron a Vedra, e tamén faláron con López Campos, como un dos implicados que ten que mirar polo seu Concello ao igual que eles teñen que mirar por Teo. Sinala que levan esta moción conxunta porque, postos a facer unha obra desta envergadura, que sexa o mellor para os veciños de Teo en todos os ámbitos, por iso se moveron.

A sra. Vázquez di que Vedra tamén vai facer alegacións.

A sra. Lemus di que en base as alegacións do Concello de Teo, que llas mandaron.

A sra. Vázquez sinala que faláron con eles porque consideraron que tamén eran parte implicada dentro desa conexión, porque se está falando de conectar a moitos veciños, dentro do Concello de Teo e demais, que pode ser beneficioso para todos. Dentro diso hai que mirar tamén as afectacións que pode ter, aínda que evidentemente ese é un punto conflictivo, porque tamén hai a nivel medioambiental e de patrimonio moitas máis cousas que tamén hai que valorar, e por iso asinaron a moción e se moveron. Considera a sra. Vázquez que teñen que estudar mellor esa modificación que foi debida a unhas alegacións que estaban aí anos atrás e eles tomaron esa decisión e agora que está público, aí están as alegacións.

Reitera a sra. Vázquez que dende o seu grupo creen que faltou esa conexión de que os veciños sentiran que se estaba mirando por eles, máis alá da política, porque son os seus representantes.

O sr. alcalde di que hai dúas vertentes, unha vertente que se refire a uns afectados que son particulares, e unha referida a posicións políticas.

En canto ás afectados particulares, o que hai que garantirlle é non tanto un aporte político, que sería a reunión veciñal, como tal, senón que cando falamos das afecións hai unha cuestión técnica fundamentalmente e como mellor se resolve e así, coa exposición, que eles poidan ver onde están en concreto as súas fincas, como lles afecta e ademais co arquitecto municipal tratando especificamente con eles, sendo esa a posición de apoio aos veciños.

O sr. alcalde sinala que con respecto ao resto das cuestións, son cuestións de carácter político, como por exemplo valorar se se está de acordo coa proxecto dende o punto de vista ambiental e demais, cuestións nas que, incluso por prudencia, non se vai a meter. Di que na súa opinión non ten sentido facer esa sangría para a acabar na Ramallosa e o ideal sería que o proxecto continuase para dar o servizo que inicialmente se considerou que se debería dar.

Sinala que nese espírito construtivo, a mellor forma de facelo é a moción e non entrar en cuestións que poidan dividir, poren xa que a sra. Vázquez preguntou porque non se reuniu coa Xunta, sinala que descoñece como se enterou a sra. Vázquez de que ía a vir o proxecto, porén el se enterou porque viu no período a representantes da Xunta co alcalde de A estrada facendo unha exposición pública do proxecto, engadindo que está esperando que a Xunta lle chame para facer o mesmo, para dicirlle que cambiaron o proxecto e que Teo queda sen saídas. Cree o sr. alcalde que é o mínimo e que se debe ter o mesmo respecto ao alcalde de Teo que ao de A Estrada, aínda que sexan de partidos distintos.

Intervén a sra. Lemus quen di que ese proxecto non se cambio en ningún caso por ningunha alegación do Concello de Teo, iso non é verdade, se cambia porque é necesario chegar a Estrada, está presionando o alcalde deste Concello, e se comezan a facer recortes porque intentan baixar dos 50 millóns de euros, e esa é a razón principal. Se cambia porque hai un informe de patrimonio, de 2018, que di que o castro de Santa Marta vai a quedar afectado por esa saída e, sen dicirlle que teñen que cambiar totalmente o proxecto, lle din que deben cambiar un pouco ese enlace, e a terceira razón principal é porque a declaración de impacto ambiental a teñen caducada, e teñen que volver a pasar todo o proxecto. Sinala que están caendo miles de proxectos polas declaracións de impacto ambiental caducadas.

Reitera a sra. Lemus que en ningún caso o Concello de Teo fixo ningunha alegación, nin agora nin antes, en ningún momento se lle dixo que había que cambiar os enlaces, e se cambian porque se cambian porque lle interesa a unha parte, a un Concello, que se chegue canto antes, e se decide cambiar o proxecto. Di a sra. Lemus que entende

todos os posicionamentos políticos, porén o Concello de Teo non presentou ningunha alegacións ao proxecto do ano 2012 e xa estaba gobernando o sr. Feijoo. As razóns son outras e xa as poñen claramente no proxecto e se explicaron en nota de prensa e tamén en exposición pública co alcalde de A Estrada .

Sinala a sra. Lemus que ese mesmo día lle preguntou Ana, do Teovivo, se sabía cando ían a facer a exposición e lle dixo se que podía chamar. Sinala que chamou e que Carlos Lefren lle dixo que xusto agora mesmo o ía a enviar para exposición pública.

Considera a sra. Lemus que non se pode dicir que o goberno municipal estaba en contra do proxecto porque non é verdade, o único que queren é que se cambie o proxecto, ao proxecto orixinal. O que non se pode admitir é que se diga que estaban en contra do proxecto, non se presentaron alegacións e se non se presentaron é porque se estaba a favor do proxecto orixinario, non deste, e por iso agora si que se presentan alegacións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o seu rexeitamento ante o Proxecto de construción denominado Actualización do proxecto de construción: autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, de clave GA/18/104.01, por incluír cambios nas conexións dos enlaces da Ramallosa e Teo, en especial neste último, que afectan gravemente aos intereses socioeconómicos teenses.

SEGUNDO.- Reivindicar a recuperación do trazado orixinario da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, que incluía as conexións cara A Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, así como ao Director da Axencia Galega de Infraestruturas.

14.- MOCIÓN.

Antes de entrar no punto décimo quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A concelleira do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez comenta que na rotonda que hai en Cacheiras, antes da casa de Armando Blanco, que vai por onde a Igrexa, que é unha estrada da Deputación, dixéronlle algúns veciños que botan en falta un paso de peóns. Sinala a sra. Diéguez que descoñece se esa estrada ía ser modificada ou arranxada e pregunta como está o tema. Roga a sra. Diéguez que se inste á Deputación a que coloque alí un paso de peóns para que a veciñanza poida cruzar con seguridade.

O sr. alcalde sinala que pensa que vai no proxecto.

A sra. Lemus di que ía un paso de peóns no proxecto da Deputación.

A sra. Diéguez pregunta para cando.

A sra. Lemus di que esperan que non pase do primeiro trimestre.

A sra. Diéguez pregunta se o primeiro trimestre sería o proxecto ou a obra, respondendo a sra. Lemus que sería a licitación

2.- A sra. Diéguez di que, tratándose das bibliotecas, lle comentaron que hai unha que está aberta pola mañá, a do Grilo, e a dos Tilos pola tarde. Pregunta se isto é así para sempre ou se é algo ocasional.

A sra. Argibay explica que en principio non é así para sempre e non debería de selo, porén agora mesmo están sen persoal, só teñen unha persoa para atender as dúas

bibliotecas, por ese motivo se fixo así, para que se puidesen atender as dúas. Explica que está en marcha un proceso selectivo e que en breve haberá outro bibliotecario e modificaranse eses horarios.

O sr. alcalde explica que o problema orixinouse porque a praza de bibliotecario a sacou a persoa que exercía de auxiliar de biblioteca, co cal houbo que sacar outra praza, para cubrir a que el deixaba vacante.

3.- A sra. Diéguez sinala que alguén lles comentou que a xente que se acolle aos descontos na piscina da Ramallosa, en situación de desemprego, só pode ir pola mañá. Pregunta se iso é verdade.

O sr. Iglesias di que non lembra o regulamento de memoria, porén cree que non é así. Explica que o que si pode haber é algunha tarifa para persoas maiores ou para persoas con desemprego que implique un horario máis reducido. Salienta que tería que revisar o regulamento, que é bastante complicado e que é o que se aplica. Sinala que en principio é normal que en todas as piscinas se escolles horario de mañá é máis barato e danche máis facilidades porque está baleiro. Remata o sr. Iglesias sinalando que no caso de Teo, non o lembra e que o tería que mirar no Regulamento, que é o que se aplica.

4.- A sra. Diéguez sinala que a veciñanza da zona de Ferreiriño, en Pontevea, lle pediu e incluso lle mandaron fotos, que se instara á Xunta para que faga unha limpeza da senda peonil que fixeron, que vai por onde o centro médico, que segue despois ata onde está o restaurante La Granja. Sinala que ao parecer está chea de maleza, silvas, etc, e está cubréndose cada vez máis.

5.- Pregunta a sra. Diéguez se a Xunta ten intención de continuar esa senda.

A sra. Lemus di que está solicitado pero en principio non hai noticias.

A sra. Diéguez comenta que se podía instar tamén a que se retomase ese proxecto porque ela pasa por aí todos os días e parécelle que é urxente, porque sobre todo na Florida e no Chaodorío a xente non ten absolutamente por onde moverse e hai que ir pola cuneta.

6.- Sinala a sra. Diéguez en relación ao novo transporte, á nova concesión do transporte, e o novo sistema que entrou en vigor estes días, que descoñece se hai culpables, pero só sabe que a veciñanza lle comenta que entrou de repente e que houbo incluso xente que estaba na parada e non colleron o autobús porque non sabían que cambiara, e estaban esperando polos autobuses de cor verde. Non se lles informou de nada e continúan sen ter información, entón a xente que antes tiñan unha parada agora lle queda máis lonxe da súa casa, noutras paradas. Pregunta a sra. Diéguez se non foi posible polo menos informar ós usuarios ou deixar unha notiña nas marquesiñas indicando o cambio no transporte, para que non collese á xente tan desprevenida.

O sr. alcalde explica que a licitación é da Xunta, e ao Concello se lle informou, 2 días antes, de que o 23 empezaba, cando en principio a idea era que ía a empezar a final de ano, iso foi o que sempre se lles falara na reunión que foron anteriormente, sempre se lles falaba de final de ano e de pronto aparece o día 23 e a partir de aí a sra. Otero está traballando na elaboración de información para colocar en cada parada. Explica que teñen os horarios definitivos, pero son horarios xerais, e agora hai que extractalos para cada parada, e o que se pretendía é que foran o máis definitivos posibles. Sinala que agora, así que pase final de ano e acaben as vacacións, poñeranse os horarios que esperan que teñan continuidade, porque nestes primeiros momentos hai un montón de desaxustes que se están limando. Entende o sr. alcalde que tamén por iso o porían durante o 23 para que toda esta descoordinación tivera lugar durante as vacacións.

A sra. Diéguez di que ela entende as circunstancias, pero hai moitas persoas que collen o autobús todos os días e quizais o mellor é deixar un papeliño nos autobuses e así ás persoas que van se lles da unha mínima información para que non os collese desprevenidos. Sinala que lle contaron que houbo xente que perdeu o autobús porque non recoñeceron ese como o autobús no que debían de entrar.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra comenta que en Texexe, no lugar de Roxío, hai uns baches grandes, que a ver se se arranxan.

2.- Sinala o sr. Guerra que el tamén baixou estes días pola pista que baixa por Cornide, que entronca coa de Básucas, e que está intransitable. Di que se lle puxeron aí uns pegotes e alí quedou iso, engadindo que antes se lles chamaba “bosteiras” e agora por ser elegantes chámanselle pegotes.

3.- Di o sr. Guerra que é a terceira vez que se refire a este tema no Pleno. Explica que o camiño que entra no núcleo de Nespereira está intransitable, engadindo que parece que veu un veciño ou dous de Nespereira e lles dixeron que non tiñan constancia de nada. Aclara que é o camiño que vén da casa de Mari Carmen, que entra en Nespereira, e reitera que neste último ano e medio o comentou tres veces.

A sra. Lemus di que non lle sona a ninguén dos membros de goberno de ter falado con algún veciño do núcleo de Nespereira, que ó mellor con quen falaron foi con algún administrativo que probablemente lle pedira que trouxera fotos.

O sr. Guerra sinala que falaron coa sra. Lemus.

A sra. Lemus di que con ela ninguén falou de Nespereira.

O sr. Guerra di que ó parecer foi con ela, e que lle pediu que levara fotos e se puidera que levara algún veciño máis.

A sra. Lemus pregunta cómo lle vai dicir ela iso a algún veciño. Sinala que pode entender que quixeran falar con ela e por iso lle sone o nome de Uxía, pero que como lle vai dicir ela que veñan tres veciños, que se a estrada está mal é a súa obriga ir a vela.

O sr. Guerra continúa explicando que “foi un home grande que mide case dous metros, que traballa no taller que hai aquí a douscentos metros”, na Ramallosa. Pide o sr. Guerra que se tome nota.

4.- O sr. Guerra sinala que en Agromaior, un camiño que vai da pista principal, que se mete ata os números 36 e 37, está estreitiño, sempre foi o camiión a recoller o lixo e ao meterse por ese camiño invade a leira de labradío. Descoñece o sr. Guerra que solución podía ter, reiterando que o camiño é estreitiño, e incluso hai un poste cando se entra da pista principal cara a eses números que impide xirar ben.

5.- Sinala o sr. Guerra que na rotonda dos Verxeis hai dous baches grandes, na estrada provincial e outro na municipal, onde a sinal de ceda o paso.

6.- A concelleira do PP, sra. Vázquez, comenta que ten unha consulta sobre a estrada que vai ó campo do Praíña. Di que ese tramo, igual que logo cando se baixa por onde aparcan os coches para o campo de fútbol, pregunta se, tal e como xa se comentara, se vai a facer algunha actuación, engadindo que estes días caeu un señor alí e que se foi deteriorando polo tema dos camiións.

A sra. Lemus sinala que a idea era facer algo para o vindeiro ano.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



ANEXO

DECRETO DA ALCALDÍA DO 14 DE DECEMBRO

DE 2020 (RES. 1145/2020)



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

EXPEDIENTE: 2020/G003/001170

Considerando que o pasado 3 de decembro de 2020 se recibiu nesta Alcaldía, por correo electrónico, escrito da Directora Xeral de Administración Local na que se comunicaba que *“No contexto actual de crise sanitaria causada pola COVID-19 o papel das administracións públicas para vixiar, inspeccionar e controlar o cumprimento das medidas extraordinarias - tanto estatais como autonómicas- de restrición da mobilidade, do contacto social ou do exercicio de certas actividades, entre outras, é fundamental para a prevención e contención desta pandemia.*

Dende a Xunta de Galicia somos conscientes das dificultades e da carga de traballo que lles está a supoñer aos medianos e pequenos concellos a tramitación das sancións polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID- 19 e que está a provocar a existencia dunha bolsa de denuncias sen tramitar.

Ademais deste retraso, podería chegar a producirse tamén unha sensación de impunidade nos presuntos incumpridores e, ao tempo, a lóxica frustración dos responsables da vixilancia do cumprimento da normativa, que corresponde ás forzas e corpos de seguridade e, nomeadamente, á policía local a través do levantamento das correspondentes denuncias.

Deste xeito, no reforzamento da colaboración coas entidades locais, a Xunta de Galicia propuxo á FEGAMP axudar aos concellos na tramitación dos procedementos sancionadores relacionados coa COVID-19 a través dun convenio que a Fegamp aceptou.

A través deste Convenio -ao que os concellos se poden adherir voluntariamente-, persoal empregado público da Administración autonómica encargárase de levar a cabo as actuacións auxiliares e de colaboración material o que, sen dúbida, contribuirá a axilizar os procedementos e paliar a carga administrativa dos concellos que non teñan os medios idóneos e suficientes para facelo.”.

Considerando que se trata dunha competencia plenaria, de acordo co artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que indica que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción de acordos nas seguintes materias: h) Transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

Considerando que segundo a Directora Xeral de Administración Local a adhesión ao convenio ten que producirse antes do 15 de decembro de 2020, polo que resulta preciso aprobar o Convenio por Decreto da Alcaldía, para a súa posterior ratificación plenaria, circunstancia esta que foi posta en coñecemento dos grupos políticos municipais, que amosaron a súa conformidade ao efecto.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao “Convenio entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o covid- 19”, remitido pola Dirección Xeral de Administración Local, e que se xunta como anexo.

Segundo.- Dar conta do presente ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, a efectos da súa ratificación.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal, que dou fe,

M^a Elena Sueiro Fernández

ANEXO:

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,



EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podéndose levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscrición de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro .- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.



Cuarto .- O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia, aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou a todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórroga do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara unha nova normalidade. No dito plan se contemplaba un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderían transitar os diferentes territorios en función de



diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada “nova normalidade”, na que se poría fin ás medidas de contención, pero se mantería a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario, e as medidas de protección persoal da cidadanía.

Quinto .- O artigo 55 da Lei 33/2011, de 4 de outubro xeral de saúde pública dispón que as persoas físicas e xurídicas responsables das accións ou omisións que constitúan infracción en saúde pública serán sancionadas de acordo co disposto neste título". Nese título, o VI, faise unha tipificación propia das infraccións en saúde pública e das correspondentes sancións (artigos 57.2 e 58.1) e finalízase, no artigo 61.1, coa previsión de que "A incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores corresponderá á Administración competente por razón do territorio e a materia". Segundo indicou o Consello Consultivo de Galicia no seu informe CCG 263/2020, do 14 de outubro, corresponderá aos concellos cando os incumprimentos que constitúan infracción administrativa en saúde pública se poñan de manifesto no ámbito, ao que alcanza a súa competencia, do control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes e de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

Pola súa banda o Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no parágrafo segundo do seu artigo 31.1 dispón que " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan, corresponderá aos órganos competentes do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais no ámbito das súas respectivas competencias".

Segundo así mesmo ao Consello Consultivo de Galicia, se os incumprimentos das medidas de prevención e hixiene recollidas no Capítulo II do Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, son subsumibles nalgún dos supostos-tipo de infracción definidos legalmente como infraccións administrativas en saúde pública, e se eses incumprimentos se poñen de manifesto no ámbito ao que alcanza a competencia dos concellos, que inclúe en relación ao obrigado cumprimento das



normas sanitarias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transporte, e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, entón corresponderá a eses concellos " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan".

Adicionalmente, o artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúe aos concellos certas competencias en materia de sanidade en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios e, particularmente, no control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes , ao igual que no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

No mesmo sentido, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos concellos, entre outras competencias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, salóns de peiteado, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

En consecuencia, por virtude do previsto no artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e do artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, os concellos teñen a obriga de exercer tales controis en relación ao obrigado cumprimento das medidas de prevención aprobadas pola Administración autonómica galega para a loita contra o COVID- 19.

Sexto.- O artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a encomenda de xestión permitindo que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos pode ser encomendada a outros órganos da mesma ou distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.



O tempo transcorrido ata a confirmación polo Consello Consultivo de Galicia (informe 263/2020, do 14 de outubro) das competencias dos concellos na tramitación de determinados procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, ten xerado a existencia dunha bolsa de denuncias sen tramitar, producindo ademais unha sensación de impunidade nos incumpridores e, ao tempo, a frustración dos responsables do control do cumprimento da normativa. A este retraso se unen as dificultades propias dos concellos de réxime común da Comunidade Autónoma para a tramitación destes expedientes sancionadores pola carencia de medios técnicos idóneos suficientes.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a encomenda de xestión, polos distintos concellos galegos, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a encomenda de xestión polos distintos concellos galegos incluídos no ámbito subxectivo de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración



material na tramitación, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

As condicións de funcionamento polas que se rexerá a presente encomenda de xestión serán as recollidas no Anexo I, e no capítulo II do presente documento.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para todos os concellos de réxime común da comunidade autónoma galega que se adhiran ao mesmo.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo de aplicación poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de encomendar á Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, nos termos recollidos no anexo I, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

Cuarta.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

No caso de que algún dos concellos adheridos non estivera de acordo coa modificación efectuada



poderá denunciar o convenio de acordo co previsto na cláusula sexta.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a encomenda de xestión deixa de ser necesaria atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte.

Tanto no caso de extinción do convenio polo levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego como no caso da súa resolución pola desaparición da necesidade da encomenda de xestión, o convenio estenderá a súa vixencia ata o remate dos procedementos sancionadores xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que os concellos adheridos renuncien a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, por desaparecer a necesidade da encomenda de xestión de acordo co previsto na cláusula quinta, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.



CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES

Sétima.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia comprométese a prestar aos concellos que se adhiran ao presente convenio a asistencia técnica e material precisa para a tramitación dos procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, de acordo co previsto no Anexo I.

A encomenda comprenderá todos os expedientes sancionadores por feitos producidos despois do estado de alarma no mes de xuño do ano 2020, tanto se xa estiveran iniciados como se non.

Oitava.- Obrigas e dereitos dos concellos

Os concellos que se adhiran ao presente convenio se comprometen a iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, debendo remitir a Xunta de Galicia a información precisa para que esta poda executar a encomenda de xestión recollida neste convenio, nos termos previstos no anexo I.

Cada concello ingresará nunha conta propia as cantidades recadadas como consecuencia de cada procedemento sancionador, debendo compensar á Xunta de Galicia nunha cantidade equivalente aos custos en que efectivamente tivese incorrido como consecuencia das obrigas asumidas. Esta compensación farase efectiva no prazo de tres meses a contar dende o momento en que a Xunta de Galicia certifique os custos en que efectivamente tivese incorrido.



Novena.- Obrigas da FEGAMP

Coordínase coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo do convenio para difundir a información relativa ao presente convenio de colaboración.

CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a encomenda de xestión, atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio.



CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMIENTO

Décimo primeira. Financiamento

A Xunta de Galicia realizará con medios propios, a través dos equipos de traballo previstos no anexo I, as actuacións previstas neste convenio.

CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de



Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

P.D.S. (Orde do 26.11.2020)

A directora xeral de Administración Local

Presidente da Federación Galega de Municipios
e Provincias

Natalia Prieto Viso

Alberto Varela Paz



ANEXO I

CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DOS CONCELLOS ADHERIDOS Á XUNTA DE GALICIA

No presente anexo se determinan as condicións nas que se producirá a encomenda de xestión á Xunta de Galicia por parte dos concellos que se adhiran ao convenio, para a realización de actividades de carácter material ou técnico precisas para a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das obrigas establecidas en materia de saúde pública nos que, conforme á normativa aplicable, a competencia corresponde aos concellos.

Os concellos terán a súa disposición a normativa precisa para a tipificación das infraccións, descrición das sancións e a súa gradación.

A encomenda ten por obxecto a prestación de auxilio técnico aos concellos na preparación dos distintos trámites, redacción de documentos, así como a realización das notificacións, aproveitando os medios propios da Xunta e a experiencia dos funcionarios autonómicos nos expedientes sancionadores da súa competencia.

EQUIPOS DE TRABAJO

Para a realización desta encomenda de xestión a Xunta de Galicia disporá dos seguintes equipos de traballo formados por funcionarios públicos autonómicos:

- **Unidades Tramitadoras Base**, que serán as unidades encargadas de realizar o traballo material de xerar os actos de trámite ou definitivos de cada expediente, de facer os asentos na base de datos empregada pola Xunta de Galicia para a tramitación de procedementos sancionadores, facer as remisións e recepción de documentación dos concellos e realizar as notificacións.
- **Unidades Supervisoras** que dirixen e supervisan o traballo que realicen as unidades tramitadoras base que lles correspondan, e servindo de apoio para a resolución de aspectos operativos, contacto informático e xurídico.



- **Unidade de Coordinación**, á que lle corresponde realizar o seguimento e impulso das tarefas que realizan as unidades anteriores, si como a unificación de trámites e criterios na tramitación dos procedementos

Para facilitar o traballo, unha vez remitidos os expedientes iniciados, elaborárase unha **guía de tramitación sancións covid** que se remitirá aos concellos de inmediato e que estará a disposición tanto das distintas unidades tramitadoras como dos propios concellos. Ademais estarán a disposición dos concellos os datos de contacto das unidades tramitadoras, e, os concellos facilitarán os datos de contacto dos instrutores designados. Por outra parte, as unidades supervisoras proporcionarán información e asesoramento aos concellos sobre as dúbidas que lles poidan xurdir

FLUXO DE TRÁMITES

Coa finalidade de facilitar o funcionamento da presente encomenda de xestión, contéplase o seguinte fluxo de trámites:

1º.- Os concellos remitirán á unidade tramitadora base as denuncias formuladas, así como a identidade do instrutor do procedemento, precisando o seu nome e os seus datos de contacto.

2º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia redactará os acordos de incoación co nomeamento de instrutor/a, que se remitirán aos concellos para a súa revisión e para a súa sinatura polos órgano competente .

Logo de asinados, os acordos de incoación serán remitidos de novo á unidade tramitadora base da Xunta, coas cartas de pagamento que correspondan a cada expediente e os datos necesarios para realizar a correspondente notificación.

3º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia realizará as notificacións dos acordos de incoación asinados, cos que se achegarán as cartas de pagamento.

4º.- A unidade tramitadora base comunicará aos concellos as notificacións efectuadas.

5º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora base da Xunta de Galicia as sancións pagadas e, no caso de que se formulen alegacións ao acordo de incoación, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.



6º.- No caso de que non se realice o pagamento e/ou se formulen alegacións pola persoa denunciada, a unidade tramitadora base redactará unha proposta de resolución, que se remitirá ao concello para a súa revisión e, no seu caso, para a súa sinatura polo/a instrutor/a. Logo de asinada a proposta, será remitida á unidade tramitadora da Xunta de Galicia para proceder á súa notificación.

7º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora as sancións pagadas ou no caso de que se formulen alegacións neste trámite, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

8º.- No caso de que a persoa denunciada non formule alegacións nin xustifique o aboamento da sanción, a proposta de resolución transformarase en resolución. Estes casos serán comunicados polo Concello á correspondente unidade tramitadora base, que converterá a proposta en resolución, que será remitida ao concello para a súa revisión e sinatura polo órgano competente. Logo de asinada a resolución, será remitida de novo á unidade tramitadora base para proceder á súa notificación

9º.- Nos casos de pagamento o concello comunicarao á unidade tramitadora base que redactará unha resolución que lle porá fin ao procedemento sancionador.

Nos demais supostos, finalizados os distintos trámites, a unidade tramitadora base redactará as resolucións correspondentes que se remitirán ao concellos para a súa sinatura. Logo de asinada, a resolución será remitida coa correspondente carta de pagamento, de ser o caso, á correspondente unidade tramitadora, para proceder á súa notificación á persoa sancionadora.

10º.- No caso de que a normativa reguladora do procedemento sancionador contemple a realización doutros trámites complementarios dos previstos nos números anteriores, o fluxo de traballo axustarase a un esquema semellante, correspondendo a redacción de documentos ás unidades tramitadoras e a súa revisión e sinatura, de proceder, á autoridade municipal competente ou á persoa instrutora, segundo os casos.

11º.- A unidade tramitadora completará con todas as actuacións realizadas un dossier electrónico de cada procedemento, que será remitido ao concello para o seu arquivo. O tratamento polas unidades tramitadoras de datos persoais por razón destas actuacións limitarase en calquera caso aos datos estritamente necesarios para a finalidade da presente encomenda, polo tempo estritamente necesario para a execución da presente encomenda de xestión.



ANEXO II

PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dna (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (concello) acordou, con data ____ de ____ de 2020, solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19

e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura).

